

Un ciclo de conferencias afondará na música e na poesía dende a primeira infancia

WRITTEN BY REDACCIÓN

VENRES, 16 SETEMBRO 2016 12:10



Conferencias	data	Conferenciantes	tema
Isabel Mendiola e Susa Herrera	05-10-2016	Montse Rivera	A tradición oral nas aulas
Óliver	11-10-2016	Antonio García Teijeiro	A poesía e a música nas aulas: unha necesidade e un reto
Isabel Mendiola e Susa Herrera	18-10-2016	Uxía Domínguez Senlle	A música, universo suxestivo para a infancia
Óliver	26-10-2016	Elvira Riveiro Tobío	A poesía que queremos
Isabel Mendiola e Susa Herrera	02-11-2016	Susa Herrera	Músicas agochadas
Óliver	09-11-2016	Fran Alonso	Poesía, a música da vida

Universidade de Vigo

campus de Ourense

Escuela de Educación

A Universidade de Vigo organiza a o Ciclo de Literatura Infantil Música e Poesía dende a primeira infancia, co que se continúa o vello iniciado en outubro do pasado ano titulado A pegada das mulleres desde a tradición oral á actualidade. Está coordinado por Isabel Mociño e Susa Herrera e conta coa colaboración da Asociación de Escritores en Lingua Galega e da Secretaría Xeral de Política Lingüística do goberno galego.

Entre os obxectivos cos que xorde este ciclo están o de dar a coñecer estratexias, recursos e ferramentas para achegar a poesía e a música á infancia e adolescencia, divulgar experiencias e producións de Literatura Infantil e Xuvenil galega da man das propias creadoras (autoras, ilustradoras), aspecto fundamental entre futuro profesorado da Educación Infantil e Primaria; tomar conciencia entre o alumnado, mediadores e público en xeral da importancia de coñecer a literatura para os máis novos/as, saber recomendar as obras de calidade e sobre todo aquelas que promovan valores en positivo, entre eles a educación estética e musical , ou visibilizar a poesía e a música para a infancia e adolescencia, incidindo en criterios de selección coherentes e acordes ao coñecemento da evolución histórica destas producións.

Todas as sesións comezan ás 17.00 h. na Sala multiusos Emilia Pardo Bazán do Edificio Facultades do Campus As Lagoas (Ourense).

A inscrición é gratuíta e non é obrigatorio, para a asistencia, formar parte da comunidade educativa. Para obter diploma de asistencia deberán dirixirse a imocino@uvigo.es (mailto:imocino@uvigo.es)

Programa

5 outubro | Montse Rivera | A tradición oral nas aulas.

Recollida da transmisión oral e versión musical.

11 outubro | Antonio García Teijeiro | A poesía e a música nas aulas: unha necesidade e un reto.

Creación poética de autor: a importancia da poesía nas aulas.

19 outubro | Uxía Domínguez Senlle | A música, universo suxestivo para a infancia.

A música e os proxectos poético-musicais para a infancia.

26 outubro | Elvira Riveiro Tobío | A poesía que queremos.

A experimentación poética para a infancia e adolescencia.

2 novembro | Fran Alonso | Poesía, a música da vida.

A experimentación poético-musical ao redor da lírica.

9 novembro | Susa Herrera | Músicas agochadas.

Música e poesía para a infancia, a súa importancia para futuros docentes de infantil e primaria.